

ANEXO

Solicitude de participación na V convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros docentes da USC (2023)

<p>Centro propoñente: ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA</p>
<p>Denominación da práctica: PREMIOS LEONARDO AO PROFESORADO E ALUMNADO</p>
<p>Proceso(s) do SGC implicado(s): PC-03 Apoio a estudantes PS-01 Xestión dos recursos humanos PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades</p>
<p>Datas de desenvolvemento da práctica: Planificación: Curso 2005-06 Implantación: Curso 2006-07 Avaliación: continuada ata a actualidade Axuste e mellora: Curso 2022-23 (cambio denominación dun dos premios e dos criterios para a concesión dos premios ao estudiantado)</p>
<p>Breve descrición da práctica*:</p> <p>A ETSE quere recoñecer o esforzo e a adicación do seu profesorado á docencia e para este fin institúense, dende o curso 2006-07, os premios “Leonardo á Docencia” e o “Listado de Profesorado Mellor Valorado”.</p> <p>Outórganse tres tipos de premios Leonardo á Docencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Leonardo á Docencia (máximo de 3 profesores/as) para as titulacións de grado e máster. • Leonardo á Excelencia Docente (profesorado que acadara 3 premios Leonardo á Docencia nunha mesma titulación nun período máximo de 5 anos) para as titulacións de grado e máster. Dende o curso 2022-23 este premio pasou a denominarse Premio Ángela Ruíz Robles á Excelencia docente seguindo a proposta da Comisión de Igualdade co fin de visibilizar ás mulleres que desenvolveron a súa carreira profesional nos ámbitos das titulacións da escola. • Leonardo á Iniciación na Docencia (máximo de 1 colaborador/a docente) para as titulacións de grado. <p>Os premios Leonardo á Docencia baséanse nos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida. A valoración global do profesorado en cada titulación obtense mediante a media ponderada das valoracións obtidas en función do número de horas impartidas en cada materia. Ademais, para ser premiado/a, a media ponderada ten que ser superior á media da titulación. Por outra parte considéranse como válidas as enquisas que cumpren as seguintes condicións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Número de horas impartidas igual ou superior a 35 horas en grado e a 10 horas en máster, agás ás dos/as coordinadores das materias que son válidas con independencia do número de horas impartidas. • Número de respostas de estudantes igual ou superior a 7 en grado e a 3 en máster. • Porcentaxe de respostas de estudantes igual ou superior a 20% en grado e en máster. <p>Ademais dos Premios Leonardo, establécese un “listado de Profesorado Mellor Valorado” de cada titulación formado por todo o profesorado que obtén nas súas enquisas de valoración da actividade docente unha cualificación media ponderada superior a media da titulación.</p> <p>Por outra parte, a ETSE tamén quere recoñecer o traballo do estudiantado concendendo premios aos mellores expedientes de cada título e aos mellores traballos fin de Grao e Fin de Máster de acordo cos seguintes criterios:</p>

- Másters: 1 por cada 20 alumnos/as ou fracción. Media expediente > 8 para o premio aos mellores expedientes. Nota TFM > 9 para os premios aos mellores TFM.
- Graos: 1 por cada 30 alumno/as ou fracción e como límite 3. Media expediente > 8 para o premio aos mellores expedientes. Nota TFG > 9 para os premios aos mellores TFG.

Por outra parte, os TFG e TFM tamén son premiados por varias empresas patrocinadoras dos títulos que se imparten na ETSE (neste momento un título de Grao e dous de máster).

Breve avaliación da eficacia da práctica*:

Os premios Leonardo á Docencia pretenden recoñecer a dedicación do profesorado da ETSE á docencia e particularmente do profesorado de nova incorporación e constitúen un incentivo para que o profesorado tente mellorar as súas valoracións nas enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida. A práctica ten xa unha longa traxectoria pero analizando a modo de exemplo os datos dos resultados das enquisas dos últimos catro cursos o valor mínimo necesario para conseguir o recoñecemento foi sempre aumentando en tres dos cinco títulos avaliados e no resto non baixou de 4,45 sobre 5, valores sempre moi superiores á media da USC para títulos de Grao e Máster.

Por outra parte premiar o rendemento académico do estudantado subliña a importancia da excelencia académica na formación e pretende ser un estímulo para que os/as estudantes manteñan un alto nivel de dedicación e esforzo ao longo da súa carreira académica. A maiores, no que respecta aos premios aos mellores traballos fin de grao e máster, e particularmente nos concedidos polas empresas, a posibilidade de poder ser recoñecido/a e premiado/a pode ser un incentivo para desenvolver traballos de calidade que poidan contribuir a avances significativos de interese para o sector empresarial. Ademais, esta esponsorización de premios ao alumnado supón unha excelente oportunidade para fortalecer unha sólida interacción entre o noso alumnado e empresas relevantes do sector.

* Prégase brevidade e concisión na descrición e na avaliación da práctica. No caso de precisar máis espazo, pódese agrandar os cadros de texto e empregar ata un máximo de 3 páxinas en total

